



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DIA 3 DE SETEMBRO DE 2009**

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña  
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén  
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez  
Dña.Maria Iglesias Fernández  
Dña.Ana Simons Sánchez  
D.Jose Rodríguez Trigo  
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal  
D.Manuel Rafael Estévez González  
Dna.Emilia Giráldez Ramirez  
Dña.Laura Miguez Pérez  
Dña. Teresa Perez Vieira  
D. Manuel A. Gonzalez Marcote

D. Xose Enrique Fernández Fernández  
D. Roberto C. Valverde Sabin

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a tres de setembro de dous mil nove, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.-APROBACION DE ACTA ANTERIOR.**

*Acta de 6 de agosto de 2009.*

O Sr.Alcalde pregunta se hai algunha observación que facer á devandita acta, e non producíndose ningunha, fica aprobada por unanimidade.

**2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Os Concelleiros dispoñen da devandita relación de resolucións da Alcaldía.

**3.-APROBACION, SE PROCEDE, DA ADXUDICACION PROVISIONAL DO CONTRATO DE CONCESION DE OBRA PUBLICA DE CONSTRUCCION E EXPLOTACION DUN CENTRO CIVICO SOCIAL EN SABARIS.**



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

O Sr. Alcalde cede a palabra ó **SR. RODAL, PP**, quen da conta da seguinte:

**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Primeiro.-** Resultando que en data 14/05/2009 o pleno da corporación adoptou o seguinte acordo "*Primeiro.- Aproba-lo expediente de contratación de concesión de obra pública de construción e explotación dun centro civico social cun prazo de duración de corenta anos con procedemento aberto a oferta economicamente máis vantaxosa con varios criterios de adxudicación.*

*Segundo.- Aproba-los pregos de cláusulas administrativas particulares, anteproxecto de explotación e prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato.*

*Terceiro.- Abri-la fase de licitación do contrato mediante a inserción do anuncio no DOUE, BOE, DOG e perfil do contratante para que no prazo que se sinale no anuncio de licitación os licitadores poidan presentar as súas propostas."*

**Segundo.-** O anuncio de licitación publicouse no DOCE de data 19/05/2009, BOE de data 25/05/2009, DOG núm. 112 de data 10/06/2009 e perfil do contratante.

**Terceiro.-** Durante o prazo de licitación presentouse unha única oferta por parte da entidade mercantil DISMAREATE, SL.

**Cuarto.-** En data 28/07/2009 constituíuse a mesa de contratación que cualificou a documentación xeral e en data 4/08/2009, previa subsanación da documentación por parte da mercantil, a mesa de contratación procedeu a apertura da proposición económica.

**Quinto.-** En data 25/08/2009 a mesa de contratación a vista do informe emitido polo Comité de Expertos formulou proposta de adxudicación en favor da entidade mercantil DISMAREATE, SL de acordo coa proposición económica presentada.

---

*En virtude do exposto propoño ós membros do Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Pleno a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.-** Adxudicar provisionalmente a entidade mercantil DISMAREATE, SL o contrato de concesión de obra pública de construción e explotación dun centro civico social en Sabaris cun prazo de duración de corenta anos de acordo coa oferta presentada.

**Segundo.-** Requerir a DISMAREATE, SL a acreditación ante o órgano de contratación nun prazo máximo de 15 días hábiles a seguinte documentación:

**Obrigas tributarias:**

a) Orixinal ou copia compulsada de alta no Imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas a dito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición, referida ó exercicio corrente, ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non atoparse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

b) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 RXLCSP.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**Ademais, o empresario como adxudicatario provisional no deberá ter débedas no período executivo de pago co Concello de Baiona, salvo que as mesmas estivesen debidamente garantidas. O certificado que acredite a inexistencia de débedas aportárase de oficio pola Administración Local.**

**Obrigas coa Seguridade Social:**

**Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 RXLCSP.**

**Constitución das garantías definitivas esixidas, polo importe de 50.000 € en canto a explotación do servizo do servizo, e polo importe de 28.510,43 € en canto á execución das obras, por calquera das formas previstas no artigo 84 da LCSP**

**Terceiro.- Notificar ós interesados e o perfil do contratante.**

**SR.LORES, PSOE.-** O grupo municipal socialista vai a mantér o mesmo criterio que mantuvo no Pleno no cal aprobouse esta concesión; entendemos que este tipo de infraestructuras son necesarias para unha parroquia como é Sabarís, con moita inquietude cultural e social, pero tamén consideramos que o que se está aprobando e o que se vai a executar nesta zona de Sabarís non é o que están demandando todos, ou a maioría, dos veciños da Parroquia. Naquel Pleno abstivémonos, e agora manteremos ese mesmo sentido de voto. Grazas.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Nós tamén vamos a ser coherentes coa nosa postura e vamos a seguir votando en contra como fixemos no seu día; se vamos á acta daquel Pleno poderán comprobar que non foi o BNG o que colleu unha bola de cristal e adivinou o futuro senón que caía de caixón que a adxudicataria destas obras ía ser a propia promotora dos chalets; xa o dixemos aquel día e o volvemos a dicir, e dende logo será o PP o responsable de que un espazo de uso público se convirta en privado por un período de anos como o que aquí ven reflexado. A empresa promotora desta urbanización fai uns cantos anos vendía os seus chalets coa promesa de que nese espazo de uso público ía haber a súa disposición unhas instalacións cívico-deportivas para dispoñibilidade dos usuarios dos chalets. No prezo deses chalets ía incluída unha parte para aplicar a esta parcela e con esas condicións era imposible que outra empresa se adxudicara este tipo de instalacións; o negocio xa estaba montado e nós dende logo non vamos a ser cómplices en ningún momento de que o goberno local privatice, unha vez máis nos anos que leva traballando como goberno deste Concello, outro espazo público máis como ten feito outras veces. Polo tanto vamos a votar en contra.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Estamos a favor deste punto; o importante é que houbera unha empresa interesada; iso sempre é positivo; que se cumpran as obras que figuran no Prego de condicións; para nós isto é fundamental. Recordar que o máis importante para unha parroquia como é Sabarís é dispór de espazos para poder facer este tipo de centros e que se poidan beneficiar os veciños; sempre dixemos que o gran erro que se cometeu a veces aquí no Pleno, co noso voto en contra, sorprendentemente, fora cando no PERI III e no IV non se deixou a zona de cesión xunta para poder alí ter un gran terreo que poidera dar resposta ás necesidades da parroquia. Creo que iniciativas como ésta veñen a paliar, en parte, esa necesidade de instalacións deportivas que ten a Parroquia de Santa Cristina, e nós sempre apoiaremos calquera das que se presenten. Me parece que é algo positivo e votamos a favor convencidos de que este proxecto é o mellor para a Parroquia.

**SR.RODAL, PP.-** Como comentaba el portavoz socialista, y así lo pensamos desde el gobierno de Baiona, creemos que Santa Cristina necesita de infraestructuras de todo tipo y sobre todo culturales y deportivas de una magnitud superior. Como dije en el Pleno de mayo, es lo que hay, es un terreno que tenía 810 metros, que tiene 810 metros, y la ocupación para ese uso cívico, social y deportivo, es la que hay; dentro de un año dispondrán, y no de una manera privada, de ese espacio, que es público aunque sea el servicio una concesión privada, pero no será solamente para la gente de los chalets, ni de esos chalets ni de los más cercanos, sino que será



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

para toda la parroquia de Sabarís y para el Municipio de Baiona, y podrán disfrutar de dos piscinas exteriores, para niños y para adultos, también disfrutarán de una pista de paddle exterior, de una ludoteca, un espacio para distintas actividades culturales, deportivas y de ocio. Entendemos que esta es una buena medida para todo el municipio y en especial para la Parroquia de Santa Cristina.

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Efectivamente, Sr.Vilar, son necesarios espazos públicos en Sabarís, e en Baredo, e en Belesar, en tódalas parroquias; e tamén son necesarias as instalacións deportivas; pero se vostede se da conta as instalacións deportivas en Sabarís, de ámbito privado, agora mesmo están pechadas, e están pechadas seguramente pola mala xestión do seu equipo directivo; pero tamén lle podo asegurar que as persoas de Sabarís, e incluso de todo o Concello de Baiona, que estaban afiliadas a esas instalacións, eran ben escasas; e era simplemente polo alto custo económico que tiñan; moi pouco veciños de Sabarís e de Baiona podíanse permitir o luxo de estar abonados a esas instalacións. Polo tanto sí son necesarias instalacións deportivas, pero públicas; é dicir, onde a única rentabilidade que se poida sacar desas instalacións sexan as deportivas e non as económicas, como vai ser neste caso. Neste caso temos unha empresa que cobrou xa un diñeiro por dar uns servizos ós seus clientes e agora vai a cobrar polo mantemento deses servizos, o cal non é de recibo, creo que o goberno local ten que estar para algo máis que para entrar neste tipo de xogos.

Decía o Sr.Rodal que calquer veciño pode ir a estas instalacións, ¡solo faltaría!, pero calquer veciño do casco de Baiona disfruta dunhas instalacións deportivas no parque da Palma gratuitamente, en cambio os veciños de Sabarís terán que pagar; é que non ten nada que ver; o que sí tiña que ver é que vostedes fixeran os deberes como tiñan que facélos e ter en Sabarís unhas instalacións gratuitas como teñen en Baiona; esa era a cuestión. O único que fixeron foi privatizar e montar un negocio para uns señores dunha empresa que xa sabían, e presumían, de que ían a poder facélo antes de que viñeran a falar con vostedes; xa o tiñan programado. Polo tanto, a mín eses cálculos que fan as empresas me sonan raro, non me gustan. Creo que os veciños de Sabarís van a seguir contando coas instalacións que tiñan, que eran pouco máis ou menos que ningunha, para poder seguir facendo deporte, porque seguramente que non van a poder pagar o que terán que pagar para utilizar esas instalacións, e moito menos vivindo os tempos que vivimos. Polo tanto vostedes poderán encher moitos folletos de propaganda cando cheguen as eleccións municipais dicindo que fixeron non sei cantas cousas, pero dende logo non son para uso e disfrute dos veciños, nin de Sabarís nin de Baiona; son para uso e disfrute dalgúns, non para todos.

**SR.VILAR, CMÑ.**- Contestar ó portavoz do BNG que non hai que confundir o tema; esas instalacións que deron en quiebra eran unhas boas instalacións, pero eran en terreos privados e tiñan unha xestión completamente privada; non ten nada que ver coa xestión duns terreos públicos que están suxetos a unhas concesións; temos exemplos que funcionan admirablemente ben, por exemplo a piscina mancomunada do Val Miñor, que ten unha xestión privada e dá un servizo público, e lle aforra moitos cartos á Administración Pública; e de feito a relación contractual entre o persoal que está ó fronte desas instalacións cos Concellos é sempre a través dunha empresa que nos garantiza o correcto funcionamento das mesmas; e isto non o fai soamente o PP (que para vostede é a extrema dereita), senón que tamén o fan partidos de esquerda que están xestionando Concellos, entre eles o BNG en Vigo; por iso dixeran que unha cousa non ten que ver coa outra; o importante é que haxa instalacións e que funcionen, e que veña xente a Baiona; Baiona é un Concello turístico e temos que intentar que xente doutros Concellos veña aquí a facer deporte, e que veña a empresas ubicadas en Baiona a deixar os seus cartos; para nós iso é moi importante e ún dos obxetivos que ten Baiona como zona residencial, turística, e de servizos, e que está ubicada na área de Vigo e somos a zona de ocio e recreo dunha cidade como é Vigo; nós vamos alí a traballar a empresas e é lóxico que a xente de Vigo poida vir a Baiona a disfrutar do ocio; é unha gran alternativa que nós temos como Concello. Decirlle ó Sr.Fernández que non nos deben de alarmar estas empresas que veñen aquí e se



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

queren implicar na explotación dunha actividade deportiva ou de calquer tipo; penso que este é o camiño correcto que temos que seguir e que sempre garante a utilización das instalacións.

**SR.RODAL, PP.-** Como dijo Manolo Vilar, el tema del Monterreal era un negocio deportivo, que por desgracia ahora mismo no está funcionando, y no tiene nada que ver con esto; el Sr.Fernández decía que tenía unos altos precios, se había hecho un estudio de viabilidad, era un gimnasio de una magnitud y una calidad extrema, y en un terreno en alquiler; esto no tiene nada que ver; y si usted en el Pleno de mayo vió los precios (porque dijo antes que no iban a ser unos costes asumibles para todos los baioneses) comprobará que son unos precios muy populares; por tanto le reitero que vuelva a ojear estos precios.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Dixen os prezos do Clube de Ténis, non deste.

**SR.RODAL, PP.-** Le entendí mal. Quiero decirle que aunque la concesión es privada, el Ayuntamiento tiene la potestad de controlar los precios y de controlar el buen funcionamiento anualmente de este centro cívico, social y deportivo; o sea, que no es una empresa privada como era Monterreal, que por desgracia para el Ayuntamiento ha cerrado; nosotros ahí no teníamos ningún tipo de competencia; en este caso sí tenemos potestad para cada año revisar como va el estudio económico, y obviamente, potestad para que ellos no puedan cambiar los precios cuando ellos quisieran.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra, 2, BNG; abstencións, 6, PSOE.**

---

**Polo cal o Pleno, por maioría absoluta, ACORDA:**

**Primeiro.-** Adjudicar provisionalmente a entidade mercantil DISMAREATE, SL o contrato de concesión de obra pública de construción e explotación dun centro cívico social en Sabarís cun prazo de duración de corenta anos de acordo coa oferta presentada.

**Segundo.-** Requerir a DISMAREATE, SL a acreditación ante o órgano de contratación nun prazo máximo de 15 días hábiles a seguinte documentación:

**Obrigas tributarias:**

a) Orixinal ou copia compulsada de alta no Imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas a dito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición, referida ó exercicio corrente, ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non atoparse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

b) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 RXLCSP.

Ademais, o empresario como adjudicatario provisional no deberá ter débedas no período executivo de pago co Concello de Baiona, salvo que as mesmas estivesen debidamente garantidas. O certificado que acredite a inexistencia de débedas aportárase de oficio pola Administración Local.

**Obrigas coa Seguridade Social:**

Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 RXLCSP.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**Constitución das garantías definitivas** esixidas, polo importe de 50.000 € en canto a explotación do servizo do servizo, e polo importe de 28.510,43 € en canto á execución das obras, por calquera das formas previstas no artigo 84 da LCSP

**Terceiro.-** Notificar ós interesados e o perfil do contratante.

---

#### **4.-APROBACION, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACION DE SERVICIOS E REALIZACION DE TRABALLOS NO CEMITERIO MUNICIPAL.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen procede á lectura da seguinte **PROPOSTA**:

##### **PROPUESTA DE ALCALDÍA**

Desde el servicio de Intervención se ha tramitado el expediente para la aprobación de una nueva redacción de la Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora de los derechos o tasas por prestación de servicios y realización de trabajos en el cementerio municipal, que derogue la existente hasta la fecha.

Puesto que el Concello de Baiona no tiene Reglamento de funcionamiento del cementerio municipal, se ha considerado necesario incluir las cuestiones relativas al derecho funerario en la Ordenanza Fiscal, con el fin de recoger en una única norma lo relativo a las concesiones temporales de espacios para enterramientos, las tasas por la prestación de servicios con ellos relacionada y lo relativo a la extinción del derecho funerario.

En esta nueva Ordenanza no se produce subida de las tasas en ellas previstas respecto a las vigentes en 2009, únicamente se recogen conceptos no gravados hasta la fecha, como son los referentes a la prestación de servicios en sepulturas y panteones, en los cuales se aplicaba la tarifa prevista para los nichos, cuando lo procedente es que sea una tarifa superior, al ser mayor la superficie del dominio público a ocupar, y como así se recoge en las Ordenanzas Fiscales de otros Concellos.

Por todo lo expuesto, elevo el Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente **ACUERDO**:

- 1º. Derogar la Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora de la tasas por prestación de servicios y realización de trabajos en el cementerio, publicada en el BOP nº 249 de 26 de diciembre de 2008.
  - 2º. Aprobar un nueva redacción de la Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora de los derechos o tasas por prestación de servicios y realización de trabajos en el cementerio municipal.
  - 3º. Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.
- 

**SR.LORES, PSOE.-** O grupo socialista é consciente da necesidade de regular tódolo que concierne ó cementerio; polo tanto esta Ordenanza, en principio, parecíanos oportuna. O problema que atopamos é que ten algúns espazos que quedan sen cubrir e que nos preocupan enormemente; ún destes espazos é en que situación van a quedar os que ata agora se denominan propietarios dos nichos e que teñen escrituras de propiedade municipal, nesta Ordenanza non se menciona. É un tema suficientemente importante porque pode xerar bastante



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

inseguridade e certa alarma na poboación xa que son temas moi sensibles; consideramos que debería tratarse cun pouquiño máis de profundidade este tema de cómo quedan os actuais propietarios (ou que eles se denominan propietarios) e como vai a quedar tamén a sucesión destas propiedades; según esta nova Ordenanza, non vai a haber propiedade, pásase a concesións de 12 ou 25 anos.

**SR.ALCALDE.-** Antes de nada, porque está sembrando unha dúbida que non existe, decir que aquí non hai un proceso expropiatorio; está falando do que non é propiedade; o que é propiedade: é propiedade; non hai ningunha expropiación nin nada polo estilo; quen ten propiedade, ten propiedade. O que é a sucesión, como con calquer outra propiedade.

**SR.LORES, PSOE.-** Según os informes técnicos non é así, Sr.Alcalde, porque dice que non se pode falar en ningún momento de sucesión de propiedade.

**SRA.INTERVENTORA.-** Aclarar que se respeta el derecho de propiedad, lógicamente, de los nichos que hasta la fecha se habían vendido, están en escritura pública y se debe respetar; pero eso no puede reflejarse en una Ordenanza Fiscal porque el cementerio es un bien de dominio público y no se puede vender. Si esas personas transmiten ese derecho de propiedad lo harán con arreglo al Derecho sucesorio y todo lo demás, no habrá ningún problema; pero eso no se puede reflejar en la Ordenanza, tampoco estaba recogido en la anterior.

**SR.LORES, PSOE.-** Pedimos que quede sobre a Mesa e que se informe a tódolos propietarios deste tema porque independentemente de que esté claro para os técnicos, sei, cónstame, que isto vai ter certa repercusión na poboación e vai xerar inseguridade e moita alarma. Entendo que debería tratarse cun pouco máis de sensibilidade; pedimos deixar a Ordenanza encima da Mesa ata que isto se aclare; esa é a nosa proposta.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Entendemos que é bó ter Ordenanzas para regular os servizos que se prestan por parte do Concello e así evitar situacións caciquís como fai moitos anos sucedía; en todo caso conminamos ó goberno a que se dean os servizos que están establecidos nos Regulamentos, e sobre todo que se poñan os medios necesarios para o desenvolvemento das actividades, porque según temos nós recibido queixas, as veces se utilizan medios para fins que non son adecuados e en calquer momento poden dar un disgusto ós usuarios. En principio, creemos que está ben que se regule con Ordenanzas e non temos máis obxeccións.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Afortunadamente Baiona dispón dun cementerio municipal; a mín, persoalmente, gustaríame que tódolos cementerios parroquiais foran municipais, porque ante a morte todos somos iguais; podemos ter creencias relixiosas distintas pero temos que ter os mesmos dereitos a ser enterrados nun lugar amparado, polo menos, polo Concello. Este é o único cementerio municipal que hai en Baiona, que ten unha gran tradición xa que os mariñeiros de Baiona acollían ós naufragos que aparecían no mar e incluso que aparecían noutros Concellos próximos, e viñan a ser soterrados aquí, a Baiona.

Creo que non se pode pór en dúbida a propiedade dos nichos, é unha gran tradición en Baiona, a xente que ten un nicho no cementerio municipal é como se tivera unha propiedade que se hereda de pais a fillos; case tódalas familias teñen seus nichos e seus panteóns; isto tamén forma parte da nosa tradición. Me encanta que o Partido socialista, sorprendentemente neste caso, defenda o dereito de propiedade, incluso ante a morte, dos veciños de Baiona; pensaba que a súa idea é que a cousa estivera máis socializada, que o ideal sería ter un cementerio onde non houbera propiedade, que os nichos foran todos do Concello, etc., pero esa non é a nosa realidade; aquí se pretende regular o que son eses nichos que son rotatorios, de feito cando se fixo a ampliación do cementerio practicamente se deixaron todos rotatorios, antes había moi pouquiños. Penso que esta Ordenanza é bastante correcta e si na súa práctica houbese algún punto que foxe dudoso se modificaría e punto, pero o importante é aprobála sen crear alarma social, porque se pensamos que podemos crear alarma social non nos atreveríamos a facer



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

Ordenanzas. Realmente non se vai a atender contra o dereito de propiedade que teñen os propietarios de panteóns e de nichos. Non temos ningún inconvinte en aprobar esta Ordenanza que regula tamén o uso deses nichos que son en sentido rotatorio, e que calquer persoa que teña a desgracia de falecer teña un sitio aquí, en Baiona, onde poida ser soterrada.

**SR.ALCALDE.-** Creo que quedou claro o tema de que non é unha expropiación, non é máis cunha Ordenanza fiscal, pero se o Partido Socialista insiste someteremos a votación a retirada.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación da retirada da presente Proposta a petición do PSOE, resultando: votos a favor, 6, PSOE; votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ), producíndose 2 abstencións, BNG. Polo cal rexeitase a petición da retirada.**

---

**SR.RODAL, PP.-** Esta es una Ordenanza necesaria; se prevee un mayor control en la asignación y los usos de los espacios del cementerio, así como los trabajos de inhumación, exhumación, traslados y mantenimiento, y sobre todo la limpieza de todas las instalaciones del cementerio municipal. Creemos que con esta Ordenanza todo estará mucho más regulado y sobre todo será mucho más justo el tema de las tasas.

**SR.LORES, PSOE.-** Comentar ó Sr.Vilar que o Partido Socialista non está defendendo nin opóndose ás propiedades de ningún veciño ou veciña de Baiona, simplemente o único que queríamos é que nesta Ordenanza se clarificara, expresamente, esta situación, e sobre todo a sucesión destas propiedades, porque se realmente, como parece que é, e como debe ser, non pode haber ningún espazo municipal propiedade, na seguinte sucesión pasarían ser concesión. Non queremos provocar ningún tipo de alarma social, ó contrario, intentamos evitála; entendemos que é un tema excesivamente sensible como para que dende o Pleno lexislemos con absoluta frivolidade; para evitar iso pedíamos un pouco máis de sensibilidade.

Concretando un pouco a Ordenanza, tamén botamos en falta como quedarían as situacións de beneficencia; na propia Ordenanza se dí que a beneficencia estaría exenta das taxas, o que non sabemos é a duración desa concesión por beneficencia, non ven reflexado; iso tamén pode xerar algún tipo de confusión; non queda claro cales son os dereitos dunha persoa que non teña recursos ou que veña por beneficencia; non sabemos exactamente cal é a duración.

Tamén, como decía o Sr.Vilar, oxalá tódolos cementerios do Concello foran municipais, porque así tódolos veciños terían os mesmos dereitos, e incluso as mesmas obrigacións, á hora da morte, como en calquer outro servizo. O Concello debería ter certa preocupación para saber como están funcionando o resto dos Concellos, aínda que sí sabemos que como son cementerios que non son municipais tampouco podemos legislar, pero sí, ó mellor, tratar de garantir os mesmos dereitos a tódolos veciños e veciñas de Baiona no momento polo cal vamos a pasar todos, que é a morte.

Entrando nun tema máis amplo, entendemos que se está regulando un cementerio municipal que practicamente está xa caducado. No Plan Xeral, nas iniciativas do goberno, deberíamos empezar a falar da posibilidade de construír un novo cementerio; télo previsto; porque o certo é que a capacidade do cementerio de Baiona está casi agotada. Dende o grupo municipal, aparte de legislar e de ordenar os servizos funerarios e os servizos do cementerio, tamén se debería empezar a pensar onde podería ubicarse un novo cementerio que dera cobertura ás necesidades que ten o Concello de Baiona; creemos que xa no próximo Plan Xeral debería estar pensado. Nós non vamos a votar en contra deste punto; absterémonos.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** O Sr.Vilar foi capáz de pór dacordo ás dúas partes, estar dacordo coas dúas e non crear ningunha; ó final deulle vostede a volta á situación e contentou a todo o mundo. A verdade é que falando así sempre se ten razón, ou por lado ou polo outro sempre se ten razón; e nós estamos tamén dacordo en parte do que dixo, sobre todo en que tódolos cementerios do Concello deberan ser públicos, municipais, máis que nada porque básicamente





EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

tódalas propiedades da igrexa, do clero, foron adquiridas daquela maneira fai uns anos; polo tanto, aínda que volvan a ser propiedade dos veciños pois non estaría de máis; entre elas, o cementerio de Sabarís, porque a mín non me van a querer alí entón algún día terei que ir a outro sitio; como ateo apóstata, non me van a querer, entón aínda que teña propiedades alí terán que enterrarme noutro lado, se queren.

En todo caso, como ben decía vostede, todo o mundo ten dereito a un enterro digno e un lugar onde ser soterrado, por iso decíamos que estamos dacordo en que se regule todo tipo de actividais porque alomenos os veciños saben a que atenerse, e non a que a persoa responsable de turno pois teña un bó día, un mal día, ou sempre o teña de ollo; polo tanto, como dixen antes, nós estamos dacordo en que se regule e sobre todo que se presten os servizos e se aporten os medios, que é moi importante; e é a súa Concellería, sobre todo, a que ten que aportar os medios ós usuarios do cementerio municipal.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Vexo que aquí se pensa con bastante lóxica, con bastante sentido común, cando se tratan temas de interés municipal. Desgraciadamente penso que os cementerios parroquiais non evolucionaron con arreglo á liberdade relixiosa, como debían de facélo, para todo o mundo, para persoas que pensan como vostede; todos sabemos que a existencia é finita, e cando chegue o momento, vostede, que é un veciño de Sabarís que fixo moito por esa parroquia, un auténtico loitador de Sabarís, lóxicamente debería ser enterrado en Sabarís con tódolos honores que lle corresponden; e de verdade que si se atopa algunha barreira, se vostede morre antes que eu, eu vou a defender que vostede sexa enterrado en Sabarís.

**SR.ALCALDE.-** Decía antes o Sr.Vilar que sería mellor que tódolos cementerios foran municipais, eu diría que mellor que non houbera cementerios.

**SR.RODAL, PP.-** Decirle al Sr.Lores, respecto a lo que comentó antes de los enterramientos cuando son casos de beneficencia, que lo marca la Ley de la Policía Mortuoria.

Por datos que me dió la Intervención, decir que ahora mismo tenemos sobre unos 50 nichos en concesión; por suerte cada año fallecen solamente entre 30 y 50 personas en nuestro Municipio, pero todas, obviamente, no irán a estas nuevas concesiones, sino que muchas irán por sucesión, como en el caso de los nichos que están en propiedad.

Sobre la posibilidad de crear un nuevo cementerio, creo que éste, de momento, nos cubrirá las expectativas.

**SR.ALCALDE.-** Apuntar que hai unha tendencia social, cambiante, e non sabemos como se vai comportar nos próximos anos; é posible que os cementerios actuais sexan suficientes posto que hai unha tendencia que se incrementa en canto ás incineracións, e as cenizas dan a posibilidade de télas nun cementerio, télas incluso en domicilios, ou tamén botálas en determinados sitios. E un tema complexo; ata fai uns anos era algo totalmente estable, de toda a vida, de moitos séculos de historia; agora está cambiando e as veces é difícil saber ata onde podemos ir.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Fixeramos unha alegación ó Plan Xeral para que se contemplaran como previsión zonas onde poder realizar cementerios municipais; aínda que, como ben di vostede, a tendencia é a incineración, creo que non estaría de máis que se contemplaran.

---

**O Sr.Alcalde procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2,BNG); abstencións, 6,PSOE.**

---

**Polo cal o Pleno, por maioría absoluta, ACORDA:**

- **1º. Derogar la Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora de la tasas por prestación de servicios y realización de trabajos en el cementerio, publicada en el BOP nº 249 de 26 de diciembre de 2008.**



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

- 2º. Aprobar un nueva redacción de la Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora de los derechos o tasas por prestación de servicios y realización de trabajos en el cementerio municipal.
- 3º. Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.

---

**5.-APROBACION, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTROS DE INTERES XERAL.**

O Sr.Alcalde cede a palabra á Sra.Interventora, quen da lectura á seguinte **PROPOSTA**:

**PROPUESTA DE ALCALDÍA**

Visto el expediente tramitado por el servicio de Intervención para la aprobación de la Ordenanza fiscal nº 25, reguladora de la tasa por aprovechamiento especial del dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servicios de suministros de interés general, se propone al Pleno la aprobación de la citada Ordenanza.

Resultando que las empresas explotadoras de servicios de telefonía móvil están expresamente excluidas del ámbito de aplicación del artículo 24.1.c del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, el cual establece:

*“c) Cuando se trate de tasas por utilización privativa o aprovechamientos especiales constituidos en el suelo, subsuelo o vuelo de las vías públicas municipales, a favor de empresas explotadoras de servicios de suministros que resulten de interés general o afecten a la generalidad o a una parte importante del vecindario, el importe de aquéllas consistirá, en todo caso y sin excepción alguna, en el 1,5 por ciento de los ingresos brutos procedentes de la facturación que obtengan anualmente en cada término municipal las referidas empresas.*

*A estos efectos, se incluirán entre las empresas explotadoras de dichos servicios las empresas distribuidoras y comercializadoras de estos.*

*No se incluirán en este régimen especial de cuantificación de la tasa los servicios de telefonía móvil.”*

Si bien, en la medida que resulta evidente que los servicios de telefonía móvil precisan de la utilización privativa, o aprovechamiento especial del dominio público municipal, es claro que el Ayuntamiento puede y debe establecer una tasa, cuyo importe habrá de determinarse con arreglo a lo previsto en el apartado 1.a) del artículo 24 del TRHL, el cual señala: *“El importe de las tasas previstas por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local se fijará de acuerdo con las siguientes reglas:*

*a) Con carácter general, tomando como referencia el valor que tendría en el mercado la utilidad derivada de dicha utilización o aprovechamiento, si los bienes afectados no fuesen de dominio público.”*

Así resulta de diversos pronunciamientos jurisprudenciales, entre ellos las sentencias del Tribunal Superior de Justicia de Cataluña de 26-6-2008 y 9-10-2008, en la que expresamente se niega que la exclusión del régimen especial de cuantificación de la tasa del art. 24.1.c) TRLHL de los servicios de telefonía móvil signifique la exclusión para tales servicios del régimen general de cuantificación de la tasa, cuando efectivamente se produzca su hecho imponible y afecte al dominio público local, incluido el suelo, subsuelo y vuelo.



EXCMO. CONCELO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Asimismo según una reciente sentencia del Tribunal Supremo de fecha 16 de febrero de 2009, en el recurso de casación 5082/2005, se establece de manera más clara: *"Si tanto los operadores de redes y servicios de comunicaciones electrónicas disponibles al público como los operadores de telefonía móvil son operadores de comunicaciones electrónicas a efectos de los art. 5 a 8 de la Ley 32/2003, General de Telecomunicaciones y el régimen del art. 24.1.c) es un régimen "especial" respecto del "régimen general" del art. 24.1.a) del TRHL, deben incluirse en este régimen general a los operadores expresamente excluidos del régimen especial. De lo contrario se estaría haciendo una distinción entre operadores de comunicaciones electrónicas (los de telefonía móvil y el resto) que podría ser contrario al principio de igualdad tributaria previsto en el art. 3.1 de la Ley 58/2003, General Tributaria, y en el art. 14, en relación con el art. 31.1, ambos de la Constitución."*

A la vista de los pronunciamientos anteriores y de la documentación obrante en el expediente, en el que consta el informe técnico-económico exigido para la aprobación de la Ordenanza, y donde se hace constar expresamente la justificación de su ordenación

Por todo lo expuesto, elevo el Pleno de la Corporación, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente ACUERDO:

- **1º. Aprobar la Ordenanza fiscal nº 25, reguladora de la tasa por aprovechamiento especial del dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servicios de suministros de interés general.**
- **2º.- Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública"**
- **3º. Remitir copia de la publicación en el mencionado Boletín Oficial a la Comisión del Mercado de Telecomunicaciones, a los efectos establecidos en la Orden Ministerial ITC/3538/2008 de 28 de noviembre.**

---

**CONTINUA.-** Resumiendo, esta Ordenanza lo que hace es liquidar a las empresas de telefonía móvil por la ocupación del suelo, subsuelo o vuelo de las vías públicas, no por lo previsto en el art.24.1.c) que es el 1,5% de los ingresos brutos porque expresamente las declara excluidas, sino en lo que se refiere al Régimen General como cualquier otra empresa que ocupe el dominio público municipal.

Se fija un tipo, el 1,4%, similar a ese 1,5%, y esta Ordenanza, de acuerdo con los datos estimados en el informe económico-financiero reportaría al Concello en el año 2010 unos ingresos de cerca de 49.000 euros.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** O grupo socialista vai apoiar esta Ordenanza; entendemos que hai unha sentenza de febreiro do 2009 do Tribunal Supremo que facilita ou que lexitima aquelas Ordenanzas fiscais dos Concellos que poden evitar a exención que tiñan as empresas de telefonía móvil e que se estima que sexan uns 50.000 euros ó ano, o cal é positivo para o Concello e para seus habitantes nesta situación de crisis tan importante; polo cal nós apoiámos esta ordenanza.

**SR.VALVERDE, BNG.-** O BNG non só vai a estar a favor senón que está moi contento desta decisión por parte da Corporación, xa que temos comprobado, e así ten denunciado en multitude de ocasións o BNG, como grandes empresas están explotando recursos dos veciños e veciñas do noso país e non están reportando nada ás institucións locais. Ben sabido que estas grandes empresas os seus tributos onde os pagan é na Comunidade Autónoma de Madrid, e así logo podemos ver os titulares de que a Comunidade de Madrid é solidaria con tódalas demais Comunidades cando a realidade non é tal; é dicir, se tódalas empresas que sacan os seus



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

beneficios os tributasen neses lugares onde os obteñen a realidade sería moi distinta no panorama estatal. E unha Ordenanza que nos parece acertada, que entendemos que poderá ter a súa complexidade na súa execución por distintos factores, entre outros porque a telefonía agora é un sector que está liberalizado, e supoño que as operadoras que teñen a rede non son as mesmas que as que están ofertando servizos, pero así e todo nos parece moi boa Ordenanza e imos apoiála, como non pode ser doutro xeito.

**SR.VILAR, CMÑ.**- Para nós é moi positivo que nese gran mercado das telecomunicacións exista un control e que repercuta nas arcas municipais tódolo que realmente ten que repercutir xa que o fin e o cabo son os veciños dos diferentes Concellos os que xeneran eses ingresos millonarios a esas grandes Compañías.

**SR.RODAL, PP.**- Decir que desde el PP nos congratula que tanto por parte del BNG como del PSOE apoyen esta Ordenanza; felicitar tanto al equipo de gobierno como a la Secretaria y a la Interventora por el gran dossier de documentación, que la verdad es que todo no lo he podido leer, pero sí que he consultado con la Interventora, y se han esmerado muchísimo para que esté todo perfecto y así podamos conseguir esa cuota, esa cuantía de casi 50.000 euros. Reiterar nuestro agradecimiento a la Secretaria y a la Interventora.

**SR.ALCALDE.**- Reiterar el mismo agradecimiento, en especial a la Interventora por todos los números que ha tenido que hacer. Yo sí lo leí todo y evidentemente es un trabajo duro porque es algo novedoso, se consultó con la FEMP y con diferentes Concellos para poder traerla aquí y ponerla en marcha.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

- 1º. Aprobar la Ordenanza fiscal nº 25, reguladora de la tasa por aprovechamiento especial del dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servicios de suministros de interés general.
- 2º.- Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.
- 3º. Remitir copia de la publicación en el mencionado Boletín Oficial a la Comisión del Mercado de Telecomunicaciones, a los efectos establecidos en la Orden Ministerial ITC/3538/2008 de 28 de noviembre.

---

**6.-APROBACION, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE FACTURAS NUM. 2/2009.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen procede á lectura da seguinte **PROPOSTA**:

**PROPUESTA DE ALCALDÍA**

De conformidad con el principio presupuestario de especialidad temporal: artículo 176 del Real Decreto Legislativo 2/2.004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, no pueden imputarse a los créditos del ejercicio corriente facturas de otro ejercicio presupuestario ya cerrado, sino es a través de la figura del reconocimiento extrajudicial, prevista en el art. 60.2 del R.D. 500/90.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

Las facturas que se elevan al Pleno para su aprobación, son las incluidas en la Relación nº 02-RE/09 correspondiente a las facturas de ejercicios anteriores que se detallan en el Anexo y por importe de 23.466,60 €.

Asimismo se incluyen una serie de gastos de personal, correspondientes a participación en tribunales en agosto de 2008 y de realización de horas extras de auxiliares de la policía local en septiembre de dicho ejercicio, por un importe acumulado de 1.037,54 €, que deben ser aprobados por reconocimiento extrajudicial.

Se financian con cargo al Presupuesto General de 2009, en cuyas partidas existe consignación, bien a nivel de partida o de bolsa de vinculación jurídica, de acuerdo con lo señalado en el Informe de Intervención

Es por esta razón que elevo al Pleno el siguiente ACUERDO:

-Aprobar, comprometer el gasto y reconocer extrajudicialmente las obligaciones que se derivan de las facturas incluidas en la relación nº 02-RE/09 por importe total de 23.466,60 €, y de los gastos de personal por importe de 1.037,54 €, a favor de los terceros detallados en las relaciones adjuntas y con cargo a las partidas correspondientes del Presupuesto del año 2009 y resolviendo el informe de reparo de Intervención nº 08/09.

---

**SR.ESTEVEZ, PSOE.**- O grupo socialista xa reiterou en diversas ocasións que nesta época de dura situación económica non vai a ser impedimento a política económica e presupostaría deste Concello; tamén xa reiteramos en moitas ocasións que somos firmes partidarios de que as Administracións Públicas, e en particular este Concello, fagan un enorme esforzo para pagar canto antes as facturas atrasadas; realmente 24.000 euros para un presuposto como o do Concello de Baiona, que é un 0,2%, non é significativo, pero pode supór un gran alivio para moitas empresas. Aínda así entendemos que se están facendo, xa o dixemos no Pleno anterior, malabarismos contables e argucias para poder financiar tanto as modificacións presupostarias anteriores como estes recoñecementos extraxudiciais. Entendíamos, e xa o anunciamos, que isto non sería necesario si este Concello se acollera ó Decreto Lei de abril, de medidas excepcionales, para o pago de facturas atrasadas.

Tamén existe unha fácil solución para que estes recoñecementos non se teñan que facer máis: que os concelleiros do equipo de goberno non gasten máis do presupostado; no ano 2007 eran medio millón de euros, no 2008 máis de 100.000 euros, esperemos que neste ano 2009 non haxa gastos fora de consignación. Moitas grazas.

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Novamente despois de habernos tido varios meses sen orzamento volven a facer vostedes un recoñecemento de facturas, me imaxino que para facer dentro de pouco outra modificación de crédito; en todo caso creo que tódolos gastos que están aquí comprometidos xa tiñan que haber sido contemplados anteriormente e ademáis incluso despois de ver o informe de Intervención que lle repara o gasto, nós lóxicamente non vamos a aprobar esta proposta.

**SR.VILAR, CMÑ.**- Normalmente cando hai un presuposto ó fin do ano hai un balance e o aforro é o que sole pagar como recoñecemento extraxudicial de facturas, de feito agora houbo un anticipo, facturas que a maioría son de Vías e Obras, porque hai que recoñecer que nós tamén conseguimos subvencións doutras partidas, doutras Administracións, o que quer decir que estamos no bó camiño de xestión; e dende unha visión global, canto primeiro se paguen os gastos atrasados mellor, porque nos tempos que corren ter gastos pendentes de cobro das Administracións non é bó. A situación económica do Concello de Baiona é bastante boa; me parece perfecto que se vaian pagando as facturas. O presuposto é unha cousa viva,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

pode haber modificacións, pode haber suplementos, pode haber de todo según as necesidades que vamos experimentando; o que sí é certo é que os Concellos canto menos se endeuden máis garantías teñen de sobrevivir ante a situación difícil que existe; e non se trata soamente de gastar e pagar, senón que hai que mantér o equilibrio presupostario que é o que nós defendemos. Estamos a favor deste punto.

**SR.RODAL, PP.-** Como muy bien ha dicho Manolo Vilar, el Ayuntamiento de Baiona es, de los Ayuntamientos de Pontevedra, el que menor endeudamiento tiene. Respecto a lo que comentaba el Sr.Estévez de que debería ser un año de austeridad y que tuvieramos mayor control en las concejalías, decirle que en este caso, la concejalía a la que toca, tanto de representación municipal, de protocolo, y sobre todo Vías y Obras, están haciendo una gran gestión tanto de trabajo como de austeridad, lo que nos permite pagar estas facturas que la mayoría, el 90%, tienen relación con Vías y Obras. Estamos haciendo un buen trabajo, de no endeudarnos más, de seguir pagando a nuestros proveedores, una gestión austera y buena.

**SR.ESTEVEZ, PSOE.-** Vamos a ver ¿qué é máis grave?, ¿desviarse medio millón de euros nun presuposto ou endebedarse un 1% máis?, ¿qué é máis grave para un Concello?; vostedes nos achacan que queremos que este Concello se endebede, non, non é o noso obxectivo, nin moito menos; simplemente hai unhas medidas excepcionais que permiten, nun mes, pagarlle ós provedores, e significa: financiar gasto corrente cun préstamo, excepcionalmente; é o que nos propuxemos no seu momento; nada máis que iso. ¿Iso que supoñía?, ¿pasar do 17% ó 20% de endebedamento?, iso non é significativo; é moito máis grave non ter presuposto e gastar medio millón máis de euros no 2007, ou 100.000 euros e pico no 2008; a concellalía de Vías e Obras no ano 2007 foi a campeona do desvío presupostario, igual que Cultura no 2008, iso é moito máis grave que acollerse a un Decreto Lei e non ter máis problemas de financiación nin ter que facer malabarismos económicos, porque quedan por pagar agora 270.000 euros e pico según o informe de Intervención, do ano 2007 e 2008; e creo (espero equivocarme) que máis malabarismos contables para poder facer frente a ese recoñecemento extraxudicial non vai haber.

Esta situación, dende o noso humilde punto de vista, podería evitarse co que dixemos antes de acollerse a ese Decreto Lei. E por suposto que recoñecemos o esforzo do mínimo nivel de endebedamento deste Concello, por suposto, por iso mesmo tamén esiximos que se poida endebeder este Concello para facer frente a pagos que incluso neste recoñecemento hai dúas facturas do ano 2005, a pesares de que case todas son do 2007 e 2008. Para unha empresa é fundamental e un alivio tremendo, nestas épocas de crisis, recibir o pago dunha factura da Administración Pública, pode ser a súa salvación. Por iso a nosa petición de esforzo nesta situación. E por suposto que non é nada dramático nin nada polo estilo endebedarse, para nada, e obviamente se na Deputación teñen o 120% de endebedamento pois non pedimos máis, pero no Concello de Baiona, que fixeron os seus deberes, ter o 17%, pois sí que pedimos máis, unicamente para dar maior liquidez a corto prazo ós veciños e veciñas de Baiona a través das súas empresas, que son os seus provedores e acreedores.

O grupo socialista xa na primeira intervención explicou a súa postura, o que vai facer é que fixo xa en anteriores ocasións: absterse neste punto.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Acabo de escoitar unha intervención bastante constructiva do Partido Socialista, me gusta a intervención do Sr.Estévez. Entramos agora nunha fase, o outono, onde hai que empezar a pensar nos presupostos do ano próximo, e pola cantidade que temos creo que posiblemente dentro dese presuposto deberíamos de ter unha liquidación total de tódalas débedas, en iso eu estou dacordo; que incluso o que haxa de aforro presupostario sexa en parte para recoñecemento extraxudicial de facturas e o que non que se compremete con operación de crédito; ese sería o momento oportuno ante a situación de crisis que hai de partir de cero; creo que politicamente o equipo de goberno non discrepa moito desa opción; estamos apretando bastante os recursos e sería importante de cara ó ano próximo (vamos a entrar próximamente no debate presupostario) e me parecería histórico para Baiona, iniciar



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

ese novo presuposto con todo ese Capítulo pechado; penso que isto deberá entrar nos estudos económicos-financieros do próximo presuposto; creo que sería un obxectivo perfectamente asumible, si é posible, porque xa saben que unha cousa é a vontade política e outra que as decisións técnicas nos fagan ver que iso é imposible; eu penso que sí, que sí se pode lograr. Pero independentemente desa intervención constructiva que fai o Partido Socialista, creemos que tomar agora este acordo e anticiparnos xa a pagar unha serie de débedas antes de chegar a fin de ano tamén é positivo. Polo tanto, por responsabilidade de goberno, vamos a votar a favor deste punto.

**SR.ALCALDE.**- Decir simplemente que este é o recoñecemento extraxudicial nº 2, o primeiro foi de 736.000 euros que se pagaron en facturas, co cal o Concello de Baiona é ún dos Concellos menos endebedados; temos unha longa travesía por diante, non va ser un tema fácil, nin este ano nin o ano que ven vamos a unha recuperación económica, e dende logo temos que ter certa visión de futuro, pero sí é certo que podemos disminuir o gasto corrente para poder deixar a cero o que practicamente é cero, porque agora van a quedar 250.000 euros aproximadamente de débeda; eu recordo que cando eu entrei na en política este Concello debía máis de 2 millóns de euros en facturas aparte dos créditos pendentes. Creo que hai márxes, pero desgraciadamente a situación hace pensar que hai que facélo o mellor posible porque vamos a tardar máis de 2 anos en lograr unha recuperación.

---

O Sr.Alcalde procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); abstencións, 8 (6,PSOE, 2,BNG).

---

Polo cal o Pleno, **por maioría absoluta, ACORDA:**

-Aprobar, compromete-lo gasto e recoñecer extraxudicialmente as obrigas que se derivan das facturas incluídas na relación nº 02-RE/09 por importe total de 23.466,60 €, e dos gastos de persoal por importe de 1.037,54 €, a favor dos terceiros detallados nas relacións adxuntas e con cargo ás partidas correspondentes do Presuposto do ano 2009 e resolvendo o informe de reparo de Intervención nº 08/09.

#### **7.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE RELATIVA O CARRIL BICI ENTRE RAMALLOSA E BAIONA.**

O SR.LORES, PSOE, procede á lectura da seguinte MOCION:

O Grupo Municipal Socialista, en base o disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta **MOCION:**

#### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

Desde a construción do paseo con carril – bici entre Ramallosa e Baiona o numero de usuarios, tanto do paseo como do carril, non fixo mais que incrementarse ano a ano. Actualmente xa é un atractivo consolidado para os veciños e veciñas de baiona e tamén dos concellos próximos.

Esta masiva afluencia de usuarios fai que esta infraestrutura sexa, a día hoxe, a todas luces insuficiente, resultando totalmente imposible compatibilizar as dúas actividades ocasiónano a diario múltiples conflitos, incrementando o risco de accidentes.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**Tendo en conta que o longo do trazo deste paseo hai espazo suficiente para poder anchear o carril – bici de tal xeito que poidan circular dúas bicicletas (cada unha nun sentido) sen mermar o ancho de paseo peatonal. O Grupo Municipal Socialista somete a consideración do pleno esta moción, para que se adopte o seguinte ACORDO.**

- **Que se redacte un proxecto de ampliación do carril – bici entre Ramallosa e Baiona, con unha anchura suficiente para que poidan circular dúas bicicletas en sentidos opostos e con unha separación física entre o paseo e Carril – Bici.**
- **Que se firme un convenio entre o concello de Baiona, Costas do Estado e outras administracións para realizar dito proxecto.**

---

**CONTINUA.-** Esta infraestrutura no seu momento posiblemente respondía ás expectativas que había e foi realmente importante para o noso Concello; pouco a pouco levou a que hoxe sexa un dos espazos máis transitados de Baiona e un orgullo para tódolos veciños e visitantes de Baiona; iso fai que nestes momentos, pola cantidade sobre todo en horas puntas, de peatóns, bicicletas, nenos, e persoas maiores que caminan con dificultade, se xeneren conflitos. Entendemos que isto é algo que hai que abordar con urxencia e que ademáis pódese facer con pouco custo porque non son necesarios nin expropiacións nin recheos, senón que hai espazo suficiente en tódolo trazado para poder ampliar este paseo; creemos que si é importante o carril bici tamén é importante o paseo, non é máis nin ún nin o outro, os dous teñen moita afluencia de veciños e de visitantes. Sería un atractivo máis para o noso Concello, e tendo en conta a orografía do Val Miñor, potenciá-lo uso da bicicleta, xa non como paseo senón como medio de transporte, é algo que dende o Concello podemos impulsar e favorecer.

A nosa proposta é que se estudie ou se faga unha proposta dende os servizos municipais da posibilidade de ampliación, que se fale coas Administracións propietarias, neste caso, Costas; e despois pactemos ou negociemos con outras Administracións como pode ser a Deputación, ou a Xunta de Galicia, para poder financiar este proxecto tan importante para Baiona. Pedimos o apoio de tódolos grupos e estamos a disposición para colaborar no que faga falta.

**SR.RODAL, PP.-** Esta obra del paseo litoral entre Baiona-Ramallosa, y la continuación de Ramallosa-Panxón, ha tenido a lo largo de estos años una gran continuidad y cada vez más baioneses y más gente del Val Miñor la utilizan, como hemos dicho en otros Plenos, por distintos motivos: de salud, por paisajística, etc. En principio era un paseo litoral, de paseo; después vino el carril-bici con sus pequeñas connotaciones, y pienso que hasta hace muy poquito el carril-bici en la zona de Baiona estaba bastante delimitado, otra cosa es que hablemos de la anchura, y menos algunos tramos de aquí en Baiona que no tenían carril-bici; en la zona que va desde Ramallosa hasta Panxón ellos tienen una zona solamente de carril bici de 200 metros, o sea, que realmente quien tiene un carril-bici es Baiona. Agradecer las actuaciones de la Concejalía de Vías y Obras que dirige Manolo Vilar que, en los últimos meses, en el último año, está haciendo actuaciones para limitar todavía más, y para definir lo que es el carril-bici, tanto en la zona de Avenida Monterreal como con actuaciones que están realizando en el balneario en La Palma.

Creo que esta propuesta no la trabajaron demasiado; usted, Sr.Lores, dijo que había posibilidades de amplitud; nosotros no lo vemos tan claro porque creemos que solo sería en un trayecto muy concreto ya que estamos dentro de la Red Natura 2000, hay zonas arboladas, tenemos la carretera, etc. Este concepto que hay aquí de carril-bici no tiene nada que ver con el carril-bici Vigo-Ramallosa; desde el primer momento nuestro carril-bici tiene un ancho de 1,50, que es justo, es cierto, pero los que están haciendo en ciudades como por ejemplo Madrid tienen 2 metros en doble sentido, 1 metro en solo una dirección; lo que quiere decir que supuestamente tiene medio metro menos. Pero estamos hablando, tanto de Madrid como de Barcelona, de carriles-bici urbanos, carriles urbanos, para comunicación, para que la gente vaya al trabajo; el concepto de nuestro carril-bici no es ese, es un carril no





EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

para cicloturistas, sino para el ocio; por ello desde el equipo de gobierno se está trabajando en una normativa, una regulación, ó una ordenanza, para regular su uso, así como las distintas situaciones que se puedan dar en el ámbito de nuestro Municipio, porque hay gente que lo utiliza como cicloturista y no como debía ser: como un carril-bici de paseo.

Sobre lo que comentó de la delimitación entre el carril-bici y el paseo peatonal, nos gustaría desde el equipo de gobierno que esta moción viniera un poco más trabajada porque no lo vemos tan factible; de hecho ahora mismo tenemos el problema de los voladizos de madera, las bicis están pasando por ellos aunque ahí no está marcada la zona de bicicletas, y aparte que imagino que el ancho en esa zona es de 2,50 metros; si puede haber algún problema entre los viandantes y las personas que utilizan la bicicleta de paseo, esa es la connotación que habría que regular.

La moción debería estar más definida, es una exposición de motivos demasiado ambigua. Creemos, desde el PP, que no es tan fácil hacer un estudio en ese aspecto; creemos que nuestro carril-bici, a nivel ocio, a nivel paseo, está al 90% definido; solo nos queda una pequeña zona, la del paseo Alfonso IX (lo explicará mejor Manuel Vilar) y creo que para el servicio que se estuvo dando durante estos 12, 14 años, todo está fenomenal; otra cosa es que pueda haber gente que utilice el carril-bici de una forma que no es la adecuada.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** O longo deste anos de política municipal todos sabemos no paseo marítimo cal é o carril bici e cal non é; despois de tódolos cambios e avatares que ten levado; pero a realidade é que o sabemos os veciños e veciñas de Baiona, porque cando a algún visitante lle falan do carril-bici pregunta: ¿y donde está?, incluso estando no propio carril-bici. Estes días atrás houbo uns pequenos cambios nalgúns dos traxectos de Ramallosa-Baiona que foron beneficiosos e que evitaron moitas circunstancias que se estaban dando como a de estar sentando nun banco e pasarlle unha bicicleta por encima dos pés a moitos dos usuarios. De tódolos xeitos, decía que os que seguimos ó longo destes anos a política, podemos recordar (ao mellor algún membro do equipo de goberno non o recorda) que o paseo do litoral se fixo sen carril bici, e despois das presións que tivo o Sr.Vilar, naquel momento Alcalde, das presións populares que houbo, decidiron marcar unha raia e dicir "éste é o carril-bici"; pero iso non é nin carril bici nin nada que se lle parezca; a verdade sabémola todos; ahí está pintado o carril bici e iso supuxo, o que se denunciou no seu día, por parte nosa polo menos, que ía dar innumerables quebradeiros de cabeza aos usuarios, tanto ós das bicicletas como ós peóns que van a pé, pequenos golpes, magulladoras, rotura de roupas, de rodas, infinidade de historias e de problemas que sobre todo cando se está gobernando se entera ún, porque senón se está no goberno as veces non te das conta de tódalas incidencias que hai neste traxecto.

Se dixo aquí fai un momento que hai zonas moi complexas para poder ampliálas, e lle podo asegurar Sr.Rodal de que ata Baiona hai zona de sobra para facer un carril-bici independente totalmente do paseo peatonal e tamén independente do vial de circulación, totalmente independente, e de 2 metros de ancho, e máis tamén. Esa proposta a fixemos nós nesta sala e creo que habíamos presentado unhas alegacións, me parece que no Plan Integra, de Vigo; o que sí dixemos é que era moi fácil a súa execución (ten o seu custo económico, evidentemente) porque precisamente había terreos para facélo; ten vostede dende Ramallosa ata o Burgo simplemente que desplazar o eixo da carretera ata o pobo, nada máis; os metros que necesite; lle sobra terreo por tódolos lados, e practicamente sen facer expropiacións; claro que desplazar o eixo da carretera ten un custo económico importante, moi importante. E dende O Burgo ata Baiona segue tendo sitio para desplazar o eixe da carretera, e para seguir facendo o carril bici no mesmo sentido que o ven facendo dende atrás; xa que estamos acostumbrados a que nos quiten prazas de aparcamento, pois na zona do Burgo porque nos saquen unhas pouquiñas máis tampouco pasa nada.

Este é un proxecto que se ten en mente por parte de tódolos grupos dende fai moito tempo; creo que tiveron oportunidades para facélo, e fondos estatais para facélo, e que van a ter máis a súa disposición; e que, en todo caso, é un tema para tratar con outras Administracións para seu financiamento, porque a proba está en que se utiliza, porque as veces vemos grandes infraestructuras deportivas ou lúdicas que están valeiras, ninguén as usa, pero non é o caso de



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

Baiona; ese é un xustificante importantísimo; se temos xente que utiliza o carril-bici, e temos espazo público para facélo, o que hai que facer é executálo e as xestións necesarias para elo; creo que estaría todo o mundo dacordo en facélo así.

Polo tanto nos parece ben que se faga esta proposta, vamos a apoiála, e que o que sí está tamén na mente de todos é seguir trasladando este carril-bici ata A Guarda, como parece ser que xa está previsto nos Organismos estatais, porque ademais poderemos evitar entre outras cousas accidentes gravísimos e atropellos, non sempre de vehículos a bicicletas senón de bicicletas a vehículos, porque os usuarios que utilizamos asiduamente o tramo de Baiona-a Garda xa nos temos atopado con algún insensato que se vai detrás dunha curva en parella coa bicicleta falando polo medio da carretera, e poderán ter tódolo dereito do mundo a facélo pero ó final quen acaba en POVISA son os usuarios da bicicleta; polo tanto deberan ter un pouquiño máis de coidado e precaución; son beneficios que aportan a tódala sociedade, sexa o usuario que sexa: sexa peatón, sexa cicloturista, ou sexa simplemente un conductor de vehículo que vai facer un traxecto. Parécenos ben esta moción e estamos dacordo en que se aprobe.

**SR.VILAR, CMÑ.**- Ante todo teño que decir que me parece estupendo que se presente esta Moción por parte do Partido Socialista, é unha moción constructiva; estáse entrando nunha liña de mocións que son boas para traer ó Pleno, sobre todo neste momento no cal estamos traballando, como goberno municipal, no tema do carril-bici.

Quero facer unha pequena reflexión, aquí non podemos facer autopistas que vaian ó ceo, senón que temos o espazo que temos, temos a realidade que temos, e temos que definir moi claramente cal é o concepto de carril-bici; eu estiven o pasado fin de semana en Francia e un dos temas dos que máis me preocupe, gustoume, e mirei, foi como teñen alí organizado o carril-bici.

Non obstante vamos a ver qué concepto temos que ter do carril-bici; Angel Rodal falou antes moi claramente; aquí ¿porqué se fan carrís bicis?, se fan por 2 razóns: hai os que se fan nos paseos peatonais, que son para protexer ó peatón, e hai carrís bicis que se fan nas carreteras xerais, de tráfico rodado, que se fan para protexer ó ciclista, porque tan perigoso é un coche sobre un ciclista nunha carretera xeral como pode ser un ciclista nun paseo peatonal sobre o propio peatón; creo que nos debe quedar clara esta definición.

Cando se fixo o proxecto de Ramallosa a Baiona no seu día se presentaron unhas mocións, tamén o PSOE naquel momento, para que houbera un carril-bici; se aprobou o tema, se xestionou, e evidentemente aquilo era un paseo peatonal, se colocou un carril de bicicletas para protexer ó peatón; de feito eu tiven que facer a xestión coa Dirección Xeral de Costas, con Fernando Marín de Director, recorrín con él peatonalmente dende Ramallosa a Baiona todo ese paseo e accederon a anhear o paseo peatonal previsto sobre o areal da praia Ladeira para colocar ahí o carril bici, en concreto no tramo dende o cemiterio de Sabarís, onde están os terreos da familia Puga ata o Rincón de Pepe; se admitiu anhear un metro e medio máis o paseo para que poidera ir ese carril-bici de protección ó peatón, que é o que hai dende a Ramallosa ata Baiona. Ese mesmo proxecto é o que nós iniciamos, aproveitando que había espazo, dende O Burgo ata o muelle de pescadores, correndo os bancos e trazando ese carril de 1,50 metros, aproximadamente, dándolle continuidade; é o que actualmente estamos facendo na zona da Palma e do Paseo Pinzón, é dicir, nestes días se está traballando alí para marcar ese tipo de carril-bici que é para protexer ó peatón, para que as bicicletas non vaian entre os peatóns e que vaian dirixidas por outra zona; supoño que todos estarán dacordo.

O paseo Monteboi, co proxecto de eliminación de barreiras arquitectónicas e dotación dun pavimento moito máis doado para todo o mundo, tamén o utilizan os ciclistas, pero algúns van quemando calorías a toda pastilla, outros van paseando, e o que temos moi claro é que o paseo Monteboi é para uso exclusivo de peatóns; así se sinalou tanto na entrada da zona de Monterreal, onde está o Clube de Iates, como na entrada da Concheira, para que non utilicen ese paseo; lóxicamente somos conscientes de que os ciclistas que van en plan paseo son os que teñen que utilizar iso. Hai zonas que son bastante máis complexas para instalar este tipo de paseo como é o Paseo Alfonso IX, que máis que nada é unha zona de paseo pero tamén é



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

unha zona de estancia, e non hai moito máis espazo físico; as zonas dos pontes de madeira sobre a Ladeira, por exemplo, a que está sobre o Rincón de Pepe, que é bastante complicada, ou incluso a que bordea a Santa Marta.

Pode decirse que dende A Ramallosa ata a carretera da Virxen da Roca na maioría dos tramos existe este paseo de protección ó peatón, excepto nos tramos que acabo de comentar; incluso é posible facélo bordeando, en parte, tamén a praia de Santa Marta; pensamos estudar poder facer este tipo de instalacións. Pero todo isto, por suposto, ten que ir acompañado dunha Ordenanza municipal, na que estamos traballando; espero poder traéla no próximo Pleno, está bastante avanzada; temos varios modelos, de diferentes poboacións, pero nós temos que adaptála á nosa realidade física, que é a que nos reclaman os nosos veciños e a que nós temos que regular; con tódolos inconvintes, porque se unha persoa vai en bicicleta e atropeia a outra terá unha responsabilidade. Tamén se pode dar o caso, cando un ciclista vai utilizando ese carril, que cando chegue ó paseo Alfonso IX terá que baixarse da bici e levarla da man, ou ben utilizar a carretera xeral; ahí xa se implica noutro tipo de Ordenanza; hai que protexer ó ciclista ante os vehículos; ese é o gran tema. Quizá sí entre Ramallosa e Baiona pódase facer un carril para ese tipo de ciclistas que non quer utilizar este outro carril senón que vai pola carretera, ciclistas que veñen con coulotte, cunha bicicleta de carreras, que son os que andan pola carretera, que non teñen nada que ver cos outros ciclistas.

Este pasado fin de semana mirei en Francia como o teñen moi ben organizado nas carreteras que son de dirección única, incluso teñen unha especie de obstáculos que fan que o ciclista xire, pero que tamén o coche xire, o que lle obriga a disminuir a velocidade; nós, aquí todavía non temos esa mentalidade para facer direccións únicas e colocar carrís para protección dos ciclistas; posiblemente en Sabarís, nas zonas onde hai estradas de dirección única, se poida utilizar este tipo de carretera vehículos-ciclistas, pero isto hai que analizálo profundamente.

Temos que traballar en base á nosa realidade, pensando en protexer ó peatón, e por suposto, se queremos protexer ó ciclista, haberá que pensar nun proxecto máis ambicioso ligado ás carreteras dependentes da COPTOPV fundamentalmente, e dependentes da Deputación.

Esta Moción que presenta o PSOE é constructiva, non negativa, e non queremos votar en contra dela, pero sí entendemos que debería quedar sobre a Mesa e nun próximo Pleno debatir exactamente por onde consideran que se pode anhear este carril, porque é moi fácil falar pero as veces nos atopamos con auténticos problemas para definir con exactitude onde se pode ensanchar un vial e onde non se pode, porque ¿a quién se lle dá prioridade: ó carril-bici que hai actualmente que é para protexer ó peatón, ou ó carril-bici que queremos que exista sobre unha carretera dependente doutra Administración, para protexer ó ciclista?.

Este debate me parece moi positivo, espero que no próximo Pleno sexa moito máis a fondo, que o PSOE defina con máis claridade exactamente por onde se pode facer ese proxecto, e nós, por suposto, vamos a facer os deberes asignando case toda a zona entre a carretera da Virxen da Roca e Ramallosa cun carril-bici de protección ó peatón, porque o espazo é o que é, repito, non se pode ocupar máis porque hai unhas leis medioambientais que protexen tanto a praia Ladeira como a marisma do río Miñor, polo que se fai as veces imposible ocupar máis espazo; nese senso hai uns paseos xa moi ben definidos, e sobre este tema é do que temos nós que debatir; e por suposto creo que o gran problema que temos é o problema da Ordenanza municipal, ahí é onde temos que implicarnos e onde non queda máis remedio que facer limitacións de uso das zonas peonais, de bicicletas, de monopatíns, de tódolos aqueles vehículos que realmente poidan causar dano ó peatón, porque o que máis está reclamando agora a xente é a protección ó peatón. En canto ó tema da protección das bicicletas dos vehículos habería que falar noutro debate.

Nós estamos pola labor de que haxa carrís bicis, e de feito o Concello de Baiona, o equipo de goberno, temos moi claro que o queremos ata o límite con Santa María de Oia; queremos ese carril bici para compatibilizálo co uso peatonal e co uso dos vehículos; serán os técnicos os que teñan que presentarnos un proxecto onde se defina ese tema.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

A nosa zona é benigna para andar en bicicleta, é benigna porque aquí non existe un clima extremo que limite durante algunhas épocas do ano o uso da bici, practicamente se utiliza todo o ano, aínda que máis no verán e primavera. Temos que traballar con realidades, contando cos espazos físicos que hai, cos carrís bici; eu lles invito que miren o que se está facendo na Palma e no paseo Pinzón, que segue unha tendencia similar o feito entre o muelle de pescadores e a zona do Burgo, que, con todo o que digan, funciona bastante ben; non quero dicir con isto que non haxa incidentes, sempre os vai haber, nós non somos perfectos, nin tódalas persoas que van en bicicleta son iguais, algunhas son respetuosas cos peatóns, outras se creen con tódolos dereitos do mundo, e ahí é onde está a Ordenanza, a Policía Local, e sobre todo a cultura cívica; non se pode dicir "vou polo Paseo Alfonso IX e coidado, apártense todos que eu vou en bici", non, terá que baixarse e ir a pé, ou se quere vostede seguir en bicicleta terá que ir pola carretera, con tódolos riscos que poida ter.

Creo que o ideal sería que esta Moción quedara sobre a mesa e que o debate quedara para un próximo Pleno, sobre todo para definir con máis claridade todo este tema.

**SR.ALCALDE.-** Entendo a proposta do Sr.Vilar de deixar sobre a mesa esta Moción para tratar de que as aportacións de tódolos grupos, e do propio Partido Socialista, poideran dar unha aproximación máis real da situación, e que así o grupo de goberno, con estas aportacións, fixera unha Ordenanza que regulara o uso da bicicleta no Concello.

**SR.LORES, PSOE.-** Entendemos, como grupo municipal, que o que se pide na moción é xustamente iso: que se redacte un proxecto; proxecto que deben redactar os técnicos do Concello; o que instamos nesta Moción é xustamente iso; porque eu podo dar a miña opinión persoal, que creo que sí hai espazo para ampliar e separar fisicamente o que é o carril bici, do paseo; pero tecnicamente non estou capacitado para facélo; hai un equipo técnico municipal que conta con tódalas garantías para poder facer un primer borrador e poder dar tódolos datos.

Quero dicirlle ó Sr.Rodal que non sei o que entende por profundizar ou non; eu non vou a coller unha cinta métrica e mirar cal é o ancho, nin o longo, nin cales son os espazos que teñen que levar terra nin outro tipo de materiais, non teño autoridade para facélo; o que sí digo é o que é o sentido da moción, simplemente é unha moción de intención política porque entendemos que é unha necesidade que nestes momentos ten Baiona; e xustamente o que decían o Sr.Vilar e o Sr.Rodal; nós centrámonos neste tramo porque este é un tramo singular, tramo onde se xuntan dúas actividades que nestes momentos son importantes en Baiona: o paseo, para caminar, un espazo natural moi atractivo que invita a ese camiñar tranquilo, e por outra banda o disfrute da bicicleta. O único que pedimos é esa protección, ese é o sentido desta Moción e é o sentido dese carril-bici; non facemos unha separación do paseo peatonal do carril-bici, simplemente decimos que nestes momentos esa protección ó peatón non se está dando de feito, e que un pode ir falando polo paseo e cando te das conta estás invadindo o carril-bici porque non hai unha separación física; pasa tres cartos do mesmo coas bicicletas; e eu entendo, como o Sr.Vilar e como o Sr.Rodal, que este non é un carril para facer carreiras, é un carril de paseo e de andar na bicicleta dunha forma tranquila.

Respecto á proposta que acaba de facer o Sr.Vilar, o Partido Socialista está disposto a colaborar na redacción desa ordenanza, é algo importante, e queremos que quede claro que estamos dispostos, a partir do borrador que nos presenten, para traer ó Pleno unha Ordenanza consensuada e con tódalas aportacións; o PSOE se compromete xa a colaborar e participar nesa ordenanza.

En canto á Moción, entendemos que sí ten sentido mantéla neste Pleno porque o que se pide exactamente é que se redacte un proxecto; non vimos aquí cun proxecto noso, estamos pedindo que se redacte e que se busque financiación; e non vou a vir aquí Sr.Vilar cos planos dun carril-bici porque non me corresponde e non sei; o único que pedimos é xustamente que os técnicos fagan un primer borrador, que se presente ó Pleno, e despois que busquemos entre todas as distintas financiación para elaborálo. Pedimos que se faga ese proxecto; non que o faga nin o PSOE, nin o PP, nin o BNG; senón que o fagan os técnicos; e nós aportaremos as nosas



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

consideracións de tipo político e de tipo social, nunca de tipo técnico. Mantemos esta Moción porque ese precisamente é o sentido da mesma.

**SR.RODAL, PP.-** Hay una cosa que no acabo de entender; entiendo que el BNG va a apoyar esta Moción del PSOE; desde el PSOE dicen que los técnicos hagan un proyecto, que lo que piden con esta moción es que se siga manteniendo el carril-bici que hay ahora pero con unas mejoras; antes, el portavoz del BNG estaba hablando (que yo no lo conozco, pero él sí, por el Plan Integra) de un carril independiente. No creo que podamos hablar con los técnicos municipales para dar una idea tan genérica; uno está diciendo que le va a apoyar, pero es que uno está hablando de un carril independiente y otro de un anexo al que hay ahora, que lo aumentemos 1 metro ó 1,50; no entiendo, estamos hablando de cosas diferentes; ¿cómo vamos a hablar con los técnicos?.

La base es, como comentó Manolo Vilar, el tema de la ordenanza; no sé si ustedes andan en bicicleta ó no; creo que el Sr.Lores sí; yo no sé como están reguladas, pero por ejemplo, las bicicletas eléctricas, ¿podrán ir por nuestro paseo ó no?; una bicicleta de este tipo puede ir hasta 40 km/hora. Nuestro carril-bici realmente, nuestra senda, la que tenemos desde Baiona hasta Ramallosa, sobre todo es peatonal; en verano sí es cierto que hay bicicletas, pero ¿cuántas hay en invierno?, casi ninguna- El paseo es peatonal; la gente de Baiona lo utiliza peatonalmente. Algún fin de semana en invierno sí se puede ver a algún padre con su hijo, que esa sí debería ser la correcta utilización de ese carril-bici: carril-bici de paseo. He podido ver algún cicloturista por esa zona, no puede ir por ahí, eso es lo que tenemos que definir, eso es lo que tenemos que hacer con la Ordenanza; con toda la labor que ha hecho Manolo Vilar eso está perfectamente diseñado; habrá que poner una señalética, lo mismo que se ha hecho en el paseo Monteboy y lo que tenemos que hacer en las sendas fluviales, porque si ustedes han ido a las de Bahiña y Baredo cae de cajón por sentido común, que por ahí no puede ir una bicicleta, nin un quad, nin una moto, pero sin embargo sí van bicicletas, habrá que regularlo y decir que no pueden ir por ahí bicicletas, ni caballos, ni motos, no puede ser; debería ser cuestión de sentido común.

En verano, obviamente, a lo mejor desde el turismo deberíamos de potenciar aun más el uso de la bicicleta, pero sobre todo a nivel urbano, aunque por suerte nuestro paseo está masificado, este año preparando la carrera pedestre hubo días de ir por la avenida Monterreal y casi no se podía correr; y yo entiendo que a lo mejor algunas horas de la tarde no se pueda correr porque son horas para pasear la gente y tendríamos que estar haciendo zig-zag, además ya hay zonas deportivas para correr.

Usted muy bien comentaba, Sr.Fernández, que a veces los ciclistas van a la par, hablando, de aquí a La Guardia; decir que el carril-bici que se quería diseñar desde la COPTOPV era Vigo-La Guardia, (Vigo-Ramallosa y Baiona-La Guardia) y no tiene una connotación; yo entiendo que tiene una connotación de cicloturista, pero nadie coje una bicicleta con un niño y va paseando hasta la Guardia y se va a hacer 62 km. Sin embargo, nuestro carril bici sí tiene unha connotación familiar ó de paseo, y eso es lo que tenemos que tener todos claro; ojalá tuviese ese medio metro más y llegase a los 2 metros, pero lo que no veo claro es esa especie de ampliación que proponen desde el PSOE, o que digan que le vamos a sacar medio metro a los viandantes para así tener los 2 metros, eso yo no lo tengo claro; lo que sí tengo claro es el uso que hay a diario, lo pueden comprobar incluso durante el invierno, se hace footing, se camina, pocas veces van en bicicletas, porque de aquí a Panjón, ida y vuelta, son 14 km., y no todo el mundo hace ese trayecto en bicicleta. Todas las labores que se han hecho desde Medio Ambiente y desde Vías y Obras están fenomenal; tenemos al 90% nuestro carril de paseo definido, cuando en muchos municipios de nuestro entorno no es así.

No tengo claro en absoluto lo que comentó el Sr.Fernández, no sé de una alternativa posible y no creo que sea cuestión de poner aquí a los técnicos a hacer adivinanzas. A mi me encanta el deporte y me parecería fenomenal explotar mucho más esta actividad, de hecho desde Turismo estamos estudiando la opción de promover el uso de la bicicleta durante todo el año, que no sea algo estacional; desestacionalizar su uso y que se pueda utilizar por todo el municipio y el entorno mancomunado, Nigrán y Gondomar. En cuanto a la propuesta del



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

PSOE, entiendo lo que ustedes proponen, pero no que se esté hablando de cosas tan ambiguas como crear otro carril que no tengo ni idea por donde va.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** A ver se consigo que me entendan; primeiro vou a leer o primer punto da Moción, que dí: *“Que se redacte un proxecto de ampliación do carril-bici entre Ramallosa e Baiona, con unha anchura suficiente para que poidan circular duas bicicletas en sentidos opostos e con unha separación físico entre o paseo e Carril-bici”*; eu dixen que se podía facer carril-bici de ata 2 metros de ancho, ou o que se necesite, é moi sinxelo: ou vostede desplaza o eixe da carretera ata o que é o pobo, e polo tanto se pode anchar o carril-bici, ou senón ten que rechea máis mar, co cal non estamos ningún dacordo; máis recheos, non; polo tanto se desplazamos o eixo da carretera ata o que é o pobo poderemos ensanchar máis o carril-bici e facer unha separación física entre o paseo peatonal, o carril-bici, e o vial de circulación; porque unha cuestión é que hai que ter claro o concepto de carril-bici, Sr.Vilar; eu non quero un carril-bici como dixo vostede de protección ó peatón, ou de protección ó ciclista, non; queremos un carril-bici para andar en bicicleta, para poder andar en bici; despois, terá que haber unha Ordenanza para o uso do carril-bici e para uso da senda peatonal. Pero queremos un carril-bici precisamente para iso, para andar en bicicleta. Como decía o Sr.Lores, vostede vai polo paseo peatonal e invade o carril-bici, e os da bicicleta invaden o paseo peatonal; esa é unha evidencia que todos sabemos que sucede e que provoca accidentes e discusións, e pelexas.

O sentido común dí que o correcto é falar cos técnicos municipais, ou con quen sexa, e se lles pida un anteproxecto; sobre ese anteproxecto, como se teña feito en infinidade de ocasións neste Concello, se o goberno municipal ten a ben consultar coa oposición, nós podemos aportar as nosas ideas, como as podemos aportar a unha Ordenanza xa presentada, é dicir, non nos digan a nós que lle fagamos unha Ordenanza e a traigamos aquí, terán que facéla vostedes e darnoslla e preguntarnos si estamos dacordo, se hai consenso, se hai que modificar algo, e nós diremos o que teñamos que dicir; pero, en principio, terán vostedes que presentar á oposición unha proposta de Ordenanza en función do que digan os técnicos municipais; dicir “señores, nós queremos un carril-bici para Baiona, que non se mexture co paseo peatonal e que funcione con estas características”.

Sr.Rodal, decía vostede que en inverno non hai ciclistas, ¡vaia se hai ciclistas!, pero lóxicamente os sábados e domingos porque o resto da semana a xente ten que traballar. Agora case todo o mundo está de vacacións, polo tanto non pode comparar vostede a cantidade de xente que circula e que pasea no verán coa que o fai no inverno, hai unha diferenza notable; tamén porque no inverno chove e fai frío, non apetece andar en bicicleta; pero sí que hai circulación os sábados e os domingos.

O que temos que ter claro é que tipo de carril-bici queremos; se queremos máis do mesmo, non estamos dacordo, porque non funciona; xa estaba claro dende o principio que ía a fallar, de feito llo volvo a repetir: non existía carril-bici, o que se fixo foi dividir o paseo peatonal, excepto neste tramo que dí o Sr.Vilar que invadiron máis praia; tiñan máis sitio para onde ir pero foron ata a praia, mal feito, penso eu.

Non é un carril-bici, o que hai é algo que está pintado e que os que somos de aquí conocemos; os que non son de aquí, veñen, invaden o carri-bici, os da bici invaden o carril peatonal, ou sexa, é unha chapuza, unha auténtica chapuza. Por certo, lles invito a que paseen polo paseo litoral de noite, cando non hai luz, e comprobén as deficiencias da iluminación sobor de todo detrás da zona do cemiterio de Sabarís, non hai iluminación porque as lamparitas que hai no chan non funcionan, non sirven para nada porque non iluminan, terán vostedes que buscar outra alternativa sen que cause un gran impacto visual, para que polo menos a xente sepa onde pón os pés, porque ademáis como hai infinidade de taboas levantadas podemos tropezar calquera de nós e nos fastidia, pero a unha persoa maior pode supórllle unha rotura de cadera ou calquera outra lesión moito máis grave. Deberán vostedes dar un paseo nocturno e comprobar tódalas deficiencias que hai, son graves e a xente se queixa.

Tamén vexo razoable a proposta de deixar esta Moción sobre a mesa e estudiála mellor, aínda que creo que está ben clara; se pode, si se aproba tal como está, falar cos técnicos municipais, pedir que fagan un anteproxecto, que no lo presenten; unhas liñas, un esbozo do que se pode



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

facen ou das posibilidades que hai, que tampouco creo que sexa tanto traballo coas técnicas que hai hoxe en día; pode ser bastante sinxelo facer un esbozo e a partir de ahí cada ún que faga as propostas que queira, e arrancar de ahí para adiante co que poida ser o futuro carril-bici de Ramallosa a Baiona. Non sei se me entendeu agora o Sr.Rodal; creo que a división física entre unha cousa e outra ten que ser porque senón non hai maneira de definir e de facerlle ver á xente que se están invadindo zonas que non son apropiadas para eses usos.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Quero ser constructivo neste turno de réplica; xa se explicou en que consisten os carrís-bicis, non vou a ser reiterativo, carril-bici de protección ó ciclista e carril-bici de protección ó peatón, isto é fundamental; tamén dixen que eu non quería que aquí se falara de autopistas ó ceo onde non hai espazo físico, onde non hai posibilidades, onde non hai posibilidade de continuidade, cousa que é algo moi importante neste tema; haberá zonas onde se poida facer o que vostedes dicen, pero hai outras nas que é imposible porque non se lle pode dar continuidade; polo tanto eu pediría que sexamos realistas; hai zonas, en Sabarís, co proxecto de humanización co que todos estabamos dacordo, onde se van a facer direccións únicas, nas que posiblemente se poidan facer carrís-bici compatibilizando o tráfico coa bicicleta, ó estilo de Europa, eu non descarto esa posibilidade cando se redacte o proxecto de direccións únicas por todo Sabarís, incluso pola rúa Areas, por Julián Valverde, pola rúa litoral, non descarto esa posibilidade, e debería ao mellor levar un carril-bici ó estilo de Europa, de protección das bicicletas dos vehículos, que habería que facélo pola calzada. Co que non estou dacordo é coa intervención que fixo Xose Enrique de que non funcionara razoablemente ben (porque a perfección nunca existe) o carril de protección ó peatón que existe entre O Burgo e Baiona, e que non funcione razoablemente ben o existente dende Ramallosa ó Rincón de Pepe, non estou dacordo con iso; e espero que tamén funcione razoablemente ben o que se está facendo na Palma e no Paseo Pinzón. Non existe a perfección, e ademáis, neste caso, tamén depende da xente que confunde o seu uso, pero para iso está a Ordenanza municipal, que vai a regular o uso e a velocidade da bicicleta neses paseos e haberá zonas onde non se poderá compatibilizar o uso da bicicleta co peatonal, como é o caso do paseo Alfonso IX, como é o caso do Paseo Montebói; en fin, esa é a nosa realidade física, o espazo é o que é; por iso na nosa proposta de que quede sobre a mesa non queremos que se impliquen os técnicos, porque é moi fácil botar balóns fora e dicir “que fagan os técnicos”, non; os políticos, que non costa nada; nós, que estamos aquí e coñecemos a nosa realidade mellor que os nosos propios técnicos; é moi bonito dicir que se compatibilice un paseo peatonal cun carril-bici de dobre sentido, iso sona moi ben, pero ¿onde está o espazo, onde está a continuidade?, iso é moito máis complicado.

Eu non quero pechar este debate, nin lle escapo a este debate, por iso pido que quede sobre a mesa; porque me merece respecto a Moción quero que o debate se manteña e nos comprometemos a traer unha Ordenanza e a falar deste tema porque creo que todos nos debemos de implicar neste asunto porque o bó uso da bicicleta, o bó uso dos paseos peatonais, e o respecto dos vehículos sobre as bicicletas, é algo que, dentro do que poidamos facer, é bó para tódolos veciños de Baiona. Pedimos que quede sobre a mesa non co ánimo de pechar o debate, senón co ánimo de seguir traballando sobre o mesmo e buscar a mellor solución para todos.

**SR.ALCALDE.-** Penso que está claro: ós técnicos municipais hai que darlle a idea do que queremos os políticos, non é cuestión de facer nunha folla calquer proxecto, hai que ter indicacións; é un tema complexo; ¿é factible?, seguramente sí, pero é complexo e hai que decidir, porque hai espazos, como se decía antes: ou o mar ou a carretera; tamén hai zonas onde hai vivendas. O que se pide dende aquí, creo que é un mínimo, sinalar nun plano onde se cree que hai capacidade para facélo; o plano evidentemente o poden dar os técnicos ós grupos, pero pintar, sinalar por onde se quere que vaia, o mínimo esbozo posible, porque recordar que a financiación ten que ser fundamentalmente de Costas do Estado, e Costas do Estado a vez que pedimos un paseo Baiona-Silleiro o que nos dixeron foi que cortamos a carretera á Guarda e fomos para Baredo, que utilizamos a caretera de Baredo como vial para os coches, e a



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

carretera actual pola costa como carril-bici; iso foi o que nos dixeron; polo tanto a Costas temos que deixarlle moi clariño o que queremos. Financian ou non financian, iso é outra cousa, pero hai que deixarlllo claro. Por isto creo que a petición de Manolo Vilar é unha petición razoable e o mínimo para poder, cunha intención clara, dibuxar nun plano (o que pode levar media hora, ou unha hora si se teñen as ideas claras) e presentálo para poder discutílo.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación de deixar sobre a mesa a Moción do PSOE, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra, 6,PSOE; abstencións, 2,BNG. Polo cal, por maioría a favor, procedese a deixar sobre a Mesa a devandita Moción.**

---

### **8.-MOCIONS.-**

Non se presentan.

### **9.-ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **ROGOS DO PSOE.- SR.LORES:**

**1º ROGO.-** Ven sendo habitual que nos últimos Plenos o grupo municipal socialista presentemos unha serie de Mocións que ó final é o Alcalde, ou o equipo de goberno, quen decide cales entran ou non entran na Orde do Día. Queremos que tal e como se fai no Parlamento, e noutros Concellos, nos xuntemos os grupos municipais e cheguemos a un acordo de representación a efectos da Orde do Día; porque aínda que entendemos que ten que levála o goberno municipal, que é quen ten a maioría para aprobar ou rexeitar unha moción, creemos que os grupos da oposición, PSOE e BNG, tamén representamos a unha parte importante dos veciños e veciñas de Baiona e queremos ter esa proporcionalidade na Orde do Día.

Polo tanto, pediríamos que nos sentemos a falar e cheguemos a un acordo para que o PSOE poida ter 2 ou 3 puntos na Orde do Día, o BNG os que correspondan, porque así romperíamos esta arbitrariedade que, aínda que legalmente sabemos que é así, entendemos, como se facendo noutras Institucións como o Parlamento Galego, que se respetaría tamén a proporcionalidade á hora de presentar mocións. Este é o **ROGO** que facemos ó Alcalde, que nos sentemos os grupos políticos e poidamos pactar unha posibilidade de mocións, en función da representación, para os grupos da oposición.

**2º ROGO.-** Na baixada do Loureiral ata O Burgo hai 2 fugas de auga, **ROGAR** que se estudie este tema.

**3º ROGO.-** Este **ROGO** é para seu traslado a Portos; no paseo da doca, entre os bañistas, os paseos, os pescadores, ó final acumúlase moito lixo; **ROGAMOS** que se faga un Plan para que alomenos unha ou dúas veces por semana se recolla, se faga unha limpeza. E certo que a doca quedou ben coa pintura e que se fixo unha boa limpeza pero é un espazo moi concurrido polo que debería facerse un plan de limpeza, ou por parte do Concello ou por parte de Portos de Galicia, pero que se faga ese mantemento de limpeza.

---

**SR.ALCALDE.-** Sobre o tema da Orde do Día, como sabe perfectamente houbo 2 mocións presentadas polo PSOE; unha non se incluíu porque se contestou razoadamente: porque se





EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

pedía unha cousa que xa estaba feita; esta outra moción se incluíu porque entendíamos que era un tema para debatir. A Orde do Día o que busca fundamentalmente é ordenar o proceso; dentro do grupo de goberno hai tamén unha clasificación, non se poñen tódalas mocións que os concelleiros poden ter preparadas, unha ordenanza pode esperar un mes máis ou un mes menos, hai que ordeálas, temos que deixar espazo.

---

### **PREGUNTAS DO PSOE.**

**1.- Como xa comentabamos no Pleno de agosto o paseo de Santa Marta está moi deteriorado, o que ocasiona moitas molestias e incluso caídas ós numerosos/as usuarios/as de dito paseo. ¿Qué medidas se tomaron, por parte do goberno municipal, para solucionar dito deterioro?.**

**SR.ALCALDE.** - Falamos con Costas do Estado porque entendemos que hai zonas que deben cambiarse; non e mantemento, é unha nova inversión; e concretamente ese paso que está enfrente da gasoliñeira e outro ponte de madeira que hai na zona do cemiterio, requiren un recambio urxente, e así se falou coa Delegada de Costas de Pontevedra; está dentro das prioritais que o Concello de Baiona sinalou á Delegada.

**2.- Debido ás obras de rehabilitación da Casa de Carbajal a porta orixinal foi substituída por outra nova. ¿Onde se atopa a porta orixinal?. ¿Ten pensado o goberno restaurar dita porta orixinal?.**

**SR.ALCALDE.** - Falamos xa co veciño, que estivo aquí reiteradamente no Concello (e incluso na prensa); de todas formas daremos unha contestación oficial; a dará o Arquitecto que está facendo dita rehabilitación, que por certo está facendo unha gran obra, e lóxicamente ten total criterio á hora de facer unha cousa ou outra. O que sí quero dicir é que non é de PVC, é de madeira. Os técnicos farán o informe correspondente.

**3.- A Asociación de Nais e Pais do Colexio Público de Fontes ven reclamando a intervención, por parte do Concello, para solucionar as graves deficiencias que ten dito Colexio. Ante o inicio do próximo curso, o grupo municipal socialista plantexa a seguinte pregunta:**

**- ¿Qué obras de mantemento se fixeron e cales se van a cometer?. ¿Cáles foron as xestións do goberno ca Consellería de Educación encamiñadas a solucionar as deficiencias de dito Centro?.**

**SR.ALCALDE.** - Xa tivemos dúas reunións e tamén conversas telefónicas co Secretario Xeral e co Xefe Territorial; estamos encima do tema para tratar de acometer tódalas obras necesarias; unha xa rematou, por valor de 41.000 euros, tratábase da instalación eléctrica, que xa levaba tempo e que non cumpría a normativa. Tamén estamos falando con eles para tratar de resolver o antes posible, dentro das dificultades orzamentarias que poida haber, o tema concreto dos baños, que é unha inversión, non un mantemento, unha inversión moi importante, e que a Consellería se fixo xa responsable e deu o visto bó a que se poida realizar como unha prioridade dentro dos orzamentos do ano que ven.

**4.- Tendo en conta que actualmente na páxina web do Concello existen enlaces ca parroquia de Baiona e ca asociación de empresarios ACEBA, o grupo municipal socialista plantexa a seguinte pregunta:**

**- ¿Tense previsto, por parte do equipo de goberno local, introducir enlaces cas páxinas dos grupos municipais e das distintas asociacións do noso Concello?.**



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**SR.ALCALDE.**- Non entendo moi ben a pregunta; en calquer caso este é un tema técnico, haberá que ver a capacidade para colgar ou no colgar unha páxina; pero ata agora as peticións que houbo foron estas dúas; nin o PSOE, nin o BNG, nin ningún outro partido, fixo unha solicitude; se houbera solicitudes se estudarían, e se técnicamente fora posible, se fai. A páxina do Concello ten que dar servizos a todo aquel que o queira, ademais favorece os contactos.

**5.- Unha pregunta oral, non a presentamos por escrito: Respecto ó paseo fluvial de Bahiña, a carón do río hai unhas macetas; queremos preguntar se iso está autorizado, si está legal esa situación de ter alí un veciño esas macetas.**

**SR.ALCALDE.**- Contestaremos no próximo Pleno.

---

#### **PREGUNTAS DO BNG.**

**SR.FERNANDEZ:**

**1º.- ¿Nos poden explicar porqué motivo secaron 2 árbores a carón das casas dos mestres na Praza de Sabarís?. ¿Cál foi o motivo?.**

**SR.ALCALDE.**- Contestaremos no próximo Pleno.

**2º.- O paseo fluvial de Bahiña rematou a escasos 10, 15 metros, dun vial local ¿porqué motivo non se leva o proxecto ata ese vial?.**

**3º.- ¿Qué técnica están aplicando ás algas na praia Ladeira?.**

**4º.- ¿En qué situación se atopa a moción do BNG respecto ao camiño de Gavín, que quedou encima da mesa a expensas de pedir informes?. Esta a obra xa case rematada.**

**5º.- ¿En qué situación se atopa o Centro de Día?.**

**SR.ALCALDE.**- Pendente da licitación da obra por parte do Consorcio; non hai problema ningún, salvo no cambio da Xunta; está para licitar.

**6º.- ¿En qué situación se atopa a parcela de vivendas sociais adxudicada a MARVIL?.**

**SR.ALCALDE.**- Contestaremos no próximo Pleno.

**7º.- ¿Qué se pensa facer, ou que se está facendo, coa pedra que se retira da rúa Elduayen?.**

**SR.ALCALDE.**- Contestaremos no próximo Pleno.

---

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as catorce horas e quince minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.